

Xestión de Persoal

EXPEDIENTE.- 2025/E001/000019

PROCEDIMIENTO.- Convocatoria de Selección Personal

Asunto: LISTAXE ADMITIDAS/OS E EXCLUIDAS/OS NO PROCESO PARA COBERTURA MEDIANTE COMISIÓN DE SERVICIOS VOLUNTARIA DO POSTO DE ENXEÑEIRA/O TÉCNICA/O DE OBRAS

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante mín, Secretaria Accidental, Dña. Eva María Montes Fernández, dita a presente

RESOLUCIÓN

En base ás competencias do artigo 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

E segundo o estipulado na convocatoria e bases do procedemento para a provisión temporal mediante comisión de servizos do posto de Enxeñeira/o Técnica/o de Obras, aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 2782/2025, de 8 de outubro de 2025. Por todo o exposto,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe de aspirantes admitidas/os e excluídas/os no devandito proceso de selección, de conformidade coa listaxe de seguido referida:

ADMITIDOS/AS:

1. González Losada, Esteban

EXCLUÍDOS/AS:

Ningunha/ningún

SEGUNDO.- A selección levarase a cabo mediante proposta do Concelleiro delegado de Persoal e Seguridade Cidadá que deberá efectuarse, de forma motivada, atendendo a criterios de competencia e idoneidade profesional para o desempeño do posto en base aos méritos aportados polas persoas aspirantes, de conformidade ao establecido na base 4ª das reguladoras. Para tal motivación e elección da/o candidata/o máis capacitado e idóneo, o Sr. Concelleiro de Persoal e Seguridade Cidadá, D. José Mª Sánchez Novo, contará co asesoramento da Xefa de Área de Obras e Servizos, Dª Dolores Otero Fernandez e co asesoramento técnico do departamento de Persoal e RR.HH., Dª. Cristina Garay Aguirre. A tal fin, o persoal referido valorará os méritos aportados e procederá á entrevista curricular do único aspirante admitido o vindeiro 12 de novembro de 2025 ás 10:00 horas, en sesión telemática mediante sistema de videoconferencia.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente ao aspirante admitido, quedando o mesmo convocado o vindeiro 12 de novembro de 2025 ás 10:00 horas á entrevista, en sesión telemática mediante videoconferencia e lembrándolle a necesidade de aportar documento acreditativo da conformidade expresa do órgano competente da administración de procedencia coa comisión de servizos obxecto desta convocatoria.

CUARTO.- Dar traslado ao departamento de Persoal para que procedan a inmediata publicación no taboleiro de edictos e complementariamente na web municipal e demais trámites oportunos.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, Dña. Eva María Montes Fernández, como Secretaria Accidental dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).